

Reunión ANPA – Concello Betanzos

A continuación informamos, a modo de resumo, dos temas tratados na reunión que tivo a xunta directiva da ANPA co Alcalde e co Concelleiro de Educación do Concello de Betanzos, a cal desenvolveuse nun clima construtivo e de colaboración entre as dúas partes.

Resumo dos temas tratados:

- 1) Concello e ANPA Brigantium asinaron un convenio de colaboración para o levar a cabo as actividades extraescolares.
- 2) Gasolineira. O Alcalde explicou os pasos seguidos ata chegar á denegación da licenza.
- 3) Creación dun grupo para o seguimento da construción do colexio novo. Estudiar medidas preventivas a tomar para o curso que vén (barracóns fora do recinto escolar, máis medios....) e determinar obxectivos :
 - construción colexio novo 2013-2014
 - Reforma integral do edificio de primaria
 - Elaboración dun informe sobre a situación do edificio actual tanto en termos de seguridade como arquitectónicos, habitabilidade...
 - Avaliación e previsión das reformas necesarias
- 4) Mantemento do Colexio
 - A situación de masificación do centro fai que os aseos tamén estean sobreutilizados, polo que a ANPA solicitou ao Concello o reforzo do servizo de limpeza
 - Goteiras no patio cuberto e no pavillón de deportes. Solicitouse a súa reparación.
 - Proxecto de nova distribución do almacén do pavillón.
- 5) Cooperación ANPA – Concello na realización actividades formativas para nais/pais. Reunión co concelleiro/a de cultura.
- 6) Xestión de Mañanceiros a cargo do Concello. Dende a ANPA volveuse a insistir neste tema.

Charla de como está o ensino no CEIP Fco. Vales Villamarín



O pasado 10 de novembro a Dirección do Colexio, accedeu, a petición da ANPA, a explicar con bastante grado de detalle como está organizado o noso colexio tanto dende o punto de vista do profesorado, como da dinámica de traballo na que participan os nosos fillos, dende o Plan Lector ata actividades complementarias e extraescolares que nel se levan a cabo.

A Dirección, ademais de incidir en como as carencias deste masificado centro repercuten directamente no ensino, tamén atendeu, in situ, a todas as preguntas que os pais quixeron trasladar:

- Reorganización de aulas
- Limpeza dos aseos
- Transporte escolar
- Necesidades educativas
- Falta de aulas
- etc..

A ANPA quere dar as grazas ao equipo directivo por prestarse, unha vez máis, a colaborar con esta ANPA, á par que lamenta a pouca asistencia das nais/pais a este acto. Das 888 familias, cuxos fillos/as estudian no Vales Villamarín, unicamente puideron comprobar o que tiña que dicir o Director do colexio dos seus fillos, un total de 60. É dicir, **93 de cada 100 pais non mostraron interese ningún polo que tiña que dicir o Director do colexio dos seus fillos ou no mellor dos casos, simplemente no puideron asistir á charla.**

COLEXIO NOVO INFANTIL

Segundo aparece publicado na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (data de publicación 16 de novembro de 2011).

<http://www.edu.xunta.es/web/node/3520>

nos vindeiros días á data de publicación, procederase a licitación da redacción dos proxectos básicos e de execución da **nova escola de educación infantil (3-6 anos) de Betanzos**, entre outros

No comunicado estimase un custo aproximado de máis de **2.200.000 euros**. O espazo de 2.370 metros cadrados disporá de **18 aulas**, unha sala de usos múltiples e aseos, así como dunha zona administrativa, servizos comúns.

A ANPA congratúlase por este comunicado oficial onde se fala de 18 unidades novamente, pero mantén a súa preocupación xa que dos 2.200.000€ previstos, unicamente foi orzamentado neste 2011a cuarta parte do mesmo, e dicir, 560.000€.

Nos próximos días a ANPA acompañará ao Director do Vales e ao Alcalde de Betanzos, na reunión que manterá este último con Director Xeral e con Concelleiro de Educación, a celebrar en Santiago de Compostela.

Compromiso en contra da Gasolineira (4004 firmas)

A pesar de que o Concello xa denegou a licenza de obra da Gasolineira, a ANPA, en previsión dun futuro contencioso administrativo, entregou o seu informe de alegacións, con fundamento xurídico, xunto coas 4004 firmas recollidas polas nais/ pais deste colexio e polo entorno educativo da comarca, en xeral. (O informe coas alegacións pode consultarse no blog da ANPA).

Queremos agradecer a todos a colaboración e solidariedade prestada por organizacións políticas, ANPAS doutros colexios, comercios, organizacións diversas e sobre todo ás nais/pais deste centro que mostráronse moi activas/os na recollida de firmas. **SE QUEREMOS, PODEMOS.**





Agora.... A POLO COLEXIO NOVO!!



O pasado 15 de novembro, un técnico da Xunta de Galicia estivo no colexio explicando, a tódolos pais do Vales que quixeron (20 en total incluíndo a mestres e directivos da ANPA), en que consiste isto do **Espazo**

Abalar Familias.

O obxectivo da charla era presentar aos pais esta ferramenta informática a través da cal e con absoluta confidencialidade, os pais terán a posibilidade de facer diferentes consultas en relación ao seu fillo/a sen ter que achegarse ata o colexio. Destacan, entre outras, as seguintes:

-  Acceder á formación académica dos fillos (notas)
-  Modificar datos persoais ou de contacto
-  Consultar matrícula e profesores dos seus fillos
-  Xustificacións de faltas ou notas entre profesorado e pais a través do correo electrónico e moi pronto a través do móbil.

Hai ESPAZO ABALAR para ás nais / pais pero NON para os nosos fillos/as

A pesar do esforzo da Dirección do Vales, das obras de habilitación e do bo proxecto presentado, a Xunta de Galicia **denegou o Proxecto Abalar ao Vales** para este curso 2011-12, é dicir, faltan ordenadores e falta formación do profesorado. Todo indica que é máis fácil equipar un colexio de 100 ou 200 alumnos que non un de 970. Por se non estabamos mal..., agora peor!!.



Extraescolares NADAL 2011



Venres 16 de decembro no pavillón do Colexio



Exhibición
De
Ximnasia
Rítmica

Hora: 17:30

....e ás 18:30 actuación do Clown Peter Punk

Neste espectáculo cómico, dirixido a tódolos públicos, o malabarista transfórmase en Peter Punk, unha personaxe imaxinaria vida do país de Nunca Máis.



Clown galego PETER PUNK

ANPA Brigantium

NADAL

Este mes repartiranse os carnés de socio da ANPA

Consulta máis información no noso blog

<http://anpabrigantium.blogaliza.org/>

facebook: [anpabrigantium](#)

anpabrigantium@gmail.com



CONCELLO DE BETANZOS
CONCELLERÍA DE EDUCACIÓN